



22 de outubro de 2011. Nos 15 primeiros días deste mes os lumes de Ourense arrasaron **10.909 Ha** só en

4 espazos protexidos da Rede Natura

: O Macizo Central perdeu máis dun 12% de territorio, principalmente nas serras do Invernadoiro e Queixa; a Baixa Limia-Serra do Xurés perdeu un 11%, tamén nas zonas de maior valor; e en Pena Maseira e Pena Trevinca ardeu o 7,6% e 5,7% da superficie. Perante a **manipulación dos datos**

pola Xunta, que teima en minimizar a superficie queimada e a afección aos espazos protexidos, os

[satélites da NASA](#)

non deixan lugar a dúbidas: trátase dunha das catástrofes ecolóxicas máis importantes acontecidas no país dende o Prestige. Nen nos lumes de 2006 a afección aos espazos protexidos foi tan importante (